



ORZAMENTO CIDADÁN

2026

ORZAMENTO CIDADÁN 2026

Un instrumento de transparencia







A Galicia que queremos: unha comunidade xusta e inclusiva

Todas as casas galegas xestiónanse de acordo a un orzamento: entra unha cantidade determinada de diñeiro, que despois se vai destinando para a hipoteca ou alugueiro, comida, actividades ou ocio.

É a forma na que se organizan as familias para chegar a fin de mes, para cumprir coas necesidades básicas e para aforrar e ter reservas para o que veña despois. Galicia funciona igual: cada ano aprobamos un orzamento para distribuír o que temos para atender o máis prioritario do presente, pero sempre cun ollo posto no futuro.

Os orzamentos deste 2026 son os máis altos da historia: 14.240 millóns de euros que destinamos ao que de verdade importa, xa que reservamos 3 de cada 4 para sanidade, educación, política social, así como para emprego e para promover o crecemento de Galicia. E facémolo, como dicía antes, pensando no futuro: por terceiro ano consecutivo elaboramos as nosas contas sen botar man do endebedamento.

Dispoñer duns orzamentos é, polo tanto, vital, porque equivale a contar cun plan para Galicia. É o que nos permite desenvolver todas as políticas ás que nos comprometemos cos galegos e galegas.

Agora, con este orzamento cidadán, queremos brindarlle a todo o mundo a posibilidade de consultar este proxecto dunha forma sinxela e comprensible, para saber de primeira man a que destinamos os recursos públicos, os recursos de todos.

Nas seguintes páxinas poderedes consultar o deseño da Galicia que queremos: unha comunidade xusta e inclusiva; con máis vivenda, máis industria e máis emprego; enfocada na investigación, na sanidade e na educación; unha comunidade que prospera sen deixar a ninguén atrás. En definitiva, unha Galicia de todos, como este orzamento.

Alfonso Rueda Valenzuela. Presidente da Xunta de Galicia





Afrontando os retos para construír unha Galicia de calidade

Presentamos unha nova edición do Orzamento Cidadán que consolida este formato que busca explicar de maneira sinxela como utilizamos a principal ferramenta económica que temos na Xunta de Galicia para prestar os servizos públicos.

E co que tamén pretendemos que a cidadanía saiba como o Goberno galego distribúe e emprega os fondos públicos que familias e empresas achegan a través dos seus impostos.

Para este ano 2026 tres de cada catro euros dos máis de 14.000 M€ do total do orzamento irán destinados a reforzar a sanidade, a educación e as políticas sociais públicas. E con novas rebaixas selectivas de impostos e sen ter que endebedarnos por terceiro ano consecutivo.

Neste exercicio queremos dar un especial pulo á Dependencia, nunha aposta sen precedentes polo benestar social e o coidado dos que máis o necesitan.

Para poder financiar estes servizos temos que afondar nunha economía produtiva, con sectores punteiros como a automoción, o naval, a cadea mar-industria, as TIC ou a seguridade. E, por suposto, seguir creando, como nos últimos anos, emprego estable, de calidade, e axeitado á demanda.

Somos conscientes de que un dos principais problemas na actualidade é o acceso á vivenda. É a prioridade desta lexislatura e este orzamento recolle os recursos necesarios para cumprir o noso compromiso de duplicar o parque de vivenda pública, de 4.000 a 8.000.

Tamén queremos poñer en valor o noso territorio, aproveitando que xa temos podemos xestionar as competencias do noso litoral.

Nun ano celebraremos o Xacobeo 2027 e temos que preparar todo o necesario para que sexa un éxito, no marco dunha estratexia de turismo sostible e desestacionalizado.

Preséntovos uns orzamentos deseñados para as necesidades deste ano, e tendo en conta os retos do Plan Estratéxico 2030, para seguir construíndo, entre todos, a Galicia Calidade do futuro.

Miguel Corgos López-Prado. Conselleiro de Facenda e Administración Pública

ÍNDICE

01.

02.

03.

QUE É O ORZAMENTO?

Pag. 8

- Que é un orzamento
- Por que é importante
- Elaboración do orzamento
- As regras fiscais europeas
- O ciclo de elaboración do orzamento

O MARCO ECONÓMICO DO ORZAMENTO

Pag. 16

- Por que é importante?
- Principais magnitudes
 - PIB
 - PIB *Per cápita*
 - Mercado de traballo
 - Produtividade
 - IPC

INGRESOS ORZAMENTARIOS

Pag. 22

- Os ingresos tributarios
- Rebaixas fiscais
- Fondos de nivelación do SFA
- Fondos Europeos
 - MRR
 - Novo marco post 2027
- Fondos finalistas da Administración do Estado

04.

05.

06.

07.

GASTOS ORZAMENTARIOS

Pag. 39

- Prioridades de gasto no Orzamento 2026
- Quen gasta
- En que se gasta
- Orzamento Territorializado

SALDO FISCAL E ENDEBEDAMENTO

Pag. 59

- Liquidación do orzamento
- Endebedamento
- Mutualización da débeda das CC.AA.

PEG 2030

Pag. 65

- PEG 2030
- Metas do PEG
- O orzamento en clave PEG

DOCUMENTACIÓN E DATOS DO DESEMPEÑO FINANCEIRO E FISCAL

Pag. 70



01.

Orzamento?



ANO 2026

14.240 M€

CIFRA DE GASTO TOTAL

Que é o orzamento?

O orzamento é unha ferramenta que permite planificar e xestionar as actuacións precisas para acadar os obxectivos establecidos pola Xunta de Galicia.

Elabórase cada ano e toma a forma de Lei. Nel establécese o marco financeiro da comunidade autónoma de Galicia para cada ano, que se debate e aproba polo Parlamento de Galicia.

Inclúe unha previsión dos ingresos a recadar (impostos, transferencias do Estado, Fondos Europeos...) e o límite dos gastos (servizos públicos, investimentos...) a realizar pola Xunta de Galicia nese ano.

Establece as prioridades do goberno para dar resposta ás necesidades da cidadanía en áreas como a saúde, a educación, as infraestruturas ou o desenvolvemento económico para o seguinte ano.


Enmárcase dentro dunha planificación estratéxica a medio prazo. En Galicia, esa planificación está reflectida no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 (PEG 2030) que establece as metas e obxectivos da vindeira década e das liñas de actuación para acadalos.

Por que é importante?

- Porque permite programar as actuacións precisas cada ano para dar resposta ás necesidades dos galegos.
- Porque permite o control da acción do Goberno, como e canto se recada e a que se dedican os recursos.
- Porque a aprobación do orzamento clarexa expectativas e xera confianza nos investidores e na poboación, o que ten un impacto positivo na economía en xeral.
- Porque permite unhas finanzas sostibles sen cargas a xeracións futuras.



Un orzamento do 2026 para dar resposta aos retos deste ano con:



Elaboración do orzamento


O proceso orzamentario comeza coa análise do contexto económico, que permite establecer previsións para cada ano sobre as variables económicas máis relevantes. (Cadro macroeconómico).

Esas variables económicas serven para determinar a previsión dos ingresos a dispor para financiar as políticas e as necesidades de gasto. A suma dos recursos esperados, xunto coa capacidade de endebedamento, establecen o nivel de gasto máximo que se pode acadar. É o **teito de gasto**, que debe ser compatible co aumento máximo de gasto autorizado polas regras fiscais europeas.

EVOLUCIÓN DO TEITO DE GASTO con fondos Next Generation

Expresado en M€

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública



Para máis información en:

<https://orzamentos.xunta.gal/documents/21063345/21065140/Aprobaci%C3%B3n+techo+de+gasto+2026.pdf/6442a604-a761-4dae-9699-3ef602631c1d>

Posteriormente, atendendo ao contexto económico do momento, determináanse as prioridades das políticas de gasto, que deben estar aliñadas coa planificación estratéxica a medio e longo prazo.

No orzamento de 2026 esgotamos o teito de gasto, polo que Galicia contará con máis recursos que nunca


A determinación do teito de gasto ten que cumprir **dúas condicións**:

CONDICIÓN 1: ORZAMENTO EN EQUILIBRIO (ingresos=gastos)



(1) **Axustes de contabilidade nacional:** Axustes debidos aos diferentes criterios de contabilización entre o rexistro dos ingresos e gastos orzamentarios e contabilidade nacional, como por exemplo, a aplicación do criterio de devengo.

CONDICIÓN 2: VARIACIÓN DO GASTO COMPUTABLE $\leq 3,5\%$ (REGRA DE GASTO)





As regras fiscais europeas

Que son?

As regras fiscais europeas constitúen un conxunto de normas e obxectivos acordados polos 27 Estados membros, co fin de:

- **Garantir** unhas finanzas públicas saneadas no conxunto da Unión Europea.
- **Facilitar** a corrección dos desequilibrios económicos.
- **Promover** a converxencia das ratios de débeda pública dos Estados máis endebedados cara ao límite de referencia do 60% do PIB.

Teñen o propósito de conseguir un equilibrio entre a consolidación fiscal, o crecemento económico sostible e a creación de emprego.

O marco fiscal europeo foi reformado na primavera de 2024.

Como principal novidade, establece a obriga de que todos os Estados membros aproben un Plan Fiscal Estrutural cun horizonte de catro anos (ampliable ata os 7 anos no caso de comprometerse os Estados a realizar reformas e investimentos).

O elemento central destes plans é a fixación dunha senda de gasto plurianual, de maneira que o control da evolución do gasto público pasa a constituír a referencia operativa única para a supervisión fiscal no novo marco de gobernanza económica.


Así mesmo, o novo sistema contempla unha conta de control, que permite desviacións temporais ao longo do período de aplicación do correspondente Plan Fiscal, dentro dos límites establecidos.

Para que serven?

As regras fiscais europeas teñen como obxectivo promover unha **xestión responsable das finanzas públicas** no ámbito da Unión Europea, orientada á recuperación de niveis sostibles de débeda pública e á creación dunha marxe de manobra suficiente para facer fronte a posibles eventos adversos no futuro.

Ademais, serven como instrumento para planificar as reformas estruturais e os investimentos públicos previstos durante a vixencia dos Plans Fiscais a medio prazo, co propósito de garantir un equilibrio entre a consolidación fiscal, o crecemento económico sostible e a creación de emprego.

NOVAS REGRAS FISCAIS EUROPEAS



O ciclo de elaboración do orzamento

COMENZA O CICLO

XANEIRO

Comenza a execución do orzamento aprobado polo Parlamento no mes de decembre.

MAIO

No mes de **maio** a Consellería de Facenda e Administración Pública comeza coa elaboración das previsións económicas do ano seguinte e a aprobación da Orde de elaboración dos Orzamentos cos criterios de orzamentación prioritizados.

Mais información aquí

XULLO

No mes de **xullo** apróbase no Consello da Xunta e no Parlamento o teito de gasto en base ao informe de estratexia financeiro-fiscal da Xunta.

Mais información aquí

SETEMBRO

No mes de **setembro** a Comisión de políticas de gasto pecha a súa proposta de asignación de recursos para cada Consellería, que os programa nos diferentes proxectos de gasto.

Neste mesmo mes, réndese contas do orzamento do exercicio anterior.

OUTUBRO

No mes de **outubro** o Consello da Xunta aproba o Proxecto de Lei de orzamentos e o presenta ao Parlamento **antes do día 20**.

Mais información aquí

NOVEMBRO E DECEMBRO

Nos meses de **novembro e decembro** débatese a enmenda cos grupos do Parlamento, que aproban o orzamento e publícase no DOG para que entre en vigor o 1 de xaneiro.

Mais información aquí

E VOLTA A EMPEZAR!

Maio: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250624/AnuncioG0597-190625-0004_es.html

Xullo: https://orzamentos.xunta.gal/documents/21063345/21065140/20250731+Informe_EFF.pdf/1e642036-c958-419f-8c57-0efcd02a2955

Outubro: <https://www.es.parlamentodegalicia.es/Pleno/Orzamentos/2026#s-docsproxecto>

Decembro: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20251231/AnuncioC3B0-231225-0001_gl.html

O proceso financeiro da Xunta

Alén do proceso de elaboración e aprobación, realízase a execución e control de gasto e a rendición de contas.

Este proceso financeiro abrangue ata 3 orzamentos distintos.



02.

O marco económico do orzamento

Por que é importante?

É fundamental, por ser a base para un deseño orzamentario realista, sostible e adaptado ás necesidades de Galicia, garantindo o uso eficiente dos recursos públicos e o cumprimento dos obxectivos establecidos. Permite:

- **Prever os ingresos** dispoñibles a través da análise de indicadores como o PIB, o emprego ou a inflación, e avaliar o esforzo fiscal necesario.
- **Priorizar o gasto público:** Identifica áreas estratéxicas e as actuacións precisas en cada intre, asegurando unha asignación eficiente dos recursos.
- **Adaptarse aos ciclos económicos:** Axusta as políticas orzamentarias ao contexto económico, favorecendo medidas expansivas ou de aforro cando sexa necesario.
- **Controlar o déficit e a débeda,** para blindar a solvencia das finanzas públicas e non pasar gastos a xeracións futuras.
- **Incrementar a transparencia:** Basea as decisións en análises técnicas, fortalecendo a credibilidade das contas públicas.



PIB (2024)
81.389 M€



**Poboación ocupada
(4T 2025)**
1.186.900



**Taxa de paro
(4T 2025)**
8,3%



Poboación >64 (2025)
789.527



Extensión
29.576,7 km²



Poboación (2025)
2.714.741

Fonte: IGE

Principais magnitudes

PIB

O PIB é o valor de mercado de todos os bens e servizos finais producidos en Galicia nun ano, e é o indicador que se emprega para coñecer a riqueza que xeramos na Comunidade Autónoma cada ano.

En 2024 o PIB nominal, a prezos correntes, de Galicia ascendeu a 81.389 M€, 4.194 M€ máis que no ano 2023. No que vai de século, Galicia duplicou o seu PIB.

O PIB real de Galicia medrou un 2,8% no 2024 continuando coa senda de crecemento posterior á crise da Covid, e situando o valor do PIB de Galicia un 9% por riba do que tiñamos no ano 2019.

PIB *per cápita*


Se dividimos o PIB entre o número de habitantes de Galicia, obtemos o PIB per cápita, que permite medir a riqueza xerada por cada galego/a. Esta é a magnitude que se emprega para comparar territorios de distinto tamaño.

Os últimos datos publicados (2024), indican que o PIB per cápita galego é de 30.191 €, o 93% da media de España. Desde 2009 somos a Comunidade na que máis medrou o PIB per cápita, e achéganos á converxencia con España.

O obxectivo é alcanzar no 2030 a plena converxencia.

CONVERXENCIA PIB PER CÁPITA GALICIA VS ESPAÑA

Fonte: Consellería Facenda e Administración Pública



O obxectivo é alcanzar no 2030 a converxencia con España

PIB NOMINAL

É O VALOR DE TODOS OS BENS E SERVIZOS PRODUCIDOS NUN PAÍS NUN ANO, MEDIDO A PREZOS CORRENTES

PIB REAL

MIDE TODO O QUE SE PRODUCE, PERO MEDIDO A PREZOS CONSTANTES

Mercado de traballo


A **poboación activa** son todas a persoas que teñen 16 ou máis anos e están en disposición de traballar. Estas poden estar traballando (poboación ocupada) ou estar buscando activamente un traballo (poboación desempregada).

A poboación activa en Galicia no cuarto trimestre de 2025 situouse en 1.293.500 persoas, o que representa un aumento respecto ao ano anterior do 2,5%, a mellor cifra dos últimos 10 anos.

No cuarto trimestre de 2025 a **taxa de actividade**, entendida como persoas activas sobre o total, para o grupo de entre 16 e 64 anos, alcanza en Galicia o 75,8%, cifra similar á media de España, que é do 76,2%.

A **poboación ocupada** en Galicia alcanzou 1.186.900 persoas (4T2025), achegándose ás cifras máximas históricas. No último ano 33.600 persoas máis encontraron ocupación, a maior parte dela, mulleres.

PERSONAS OCUPADAS EN GALICIA Miles • Fonte: IGE



TAXA DE ACTIVIDADE 2025

75,8%


CIFRA SIMILAR Á MEDIA DE ESPAÑA, QUE É DO 76,2%

Desde 2014, a excepción da etapa da pandemia, Galicia leva reducindo de maneira consistente a **poboación desempregada**.

En **decembro de 2025** había 112.081 persoas desempregadas en Galicia, un 5,73% menos que na mesma época do ano 2024.


EVOLUCIÓN DO PARO REXISTRADO E AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

Fonte: IGE



EVOLUCIÓN TAXA DE PARO

Fonte: INE e IGE



NO 2025 A TAXA DE PARO EN GALICIA DESCENDEU ATA O

8,3%


ESTA PORCENTAXE É INFERIOR Á MEDIA NACIONAL DO 9,9%

A **taxa de paro** no cuarto trimestre do 2025 foi do 8,3%, 1,6 puntos menor que a de España, e vén rexistrando continuas baixadas, o que permitiu que, fronte ás 263.800 persoas paradas no cuarto trimestre do 2014, agora só se atopen 106.900 en situación de desemprego no mesmo trimestre de 2025.



PERSOAS PARADAS EN GALICIA

(Miles) • Fonte: IGE



Produtividade

A produtividade é moi importante porque supón que unha sociedade é máis eficiente, o que favorece a competitividade e o crecemento sostible, ademais de permitir unhas retribucións máis elevadas e, por tanto, un emprego de maior calidade.


Nos últimos anos Galicia está conseguindo ser unha das comunidades autónomas na que máis está

medrando a produtividade do traballo. En concreto, no período 2019-2023 este indicador aumentou 1,2 puntos, fronte a unha caída media de case un punto (0,9) en España.

Esta boa tendencia tamén está contribuíndo a mellorar a renda media de persoa, en case un 30% entre 2019 e 2023, tres puntos por riba da media de España.

CRECemento DA PRODUTIVIDADE POR COMUNIDADE AUTÓNOMA


Taxa de variación 2019-2023 • Fonte: INE



Galicia está entre as Comunidades con maior aumento no período

EVOLUCIÓN IPC GALICIA VS ESPAÑA 2022-2025

Fonte: IGE



IPC

O IPC é un indicador que mide a evolución promedio do prezo dun conxunto de bens e servizos representativos do consumo dos fogares e tamén dos servizos públicos, polo que a súa suba afecta de xeito importante aos orzamentos autonómicos.

Dende o ano 2021, e derivado dos efectos da volta á normalidade de maneira acelerada despois da pandemia mundial, deuse un proceso inflacionario en todos os países, que se agravou en Europa pola invasión de Ucraína e o aumento dos prezos enerxéticos e materias primas.

Nos últimos meses, malia algún altibaixo, o índice converxe cara unha taxa do 2%.




03.

Os ingresos orzamentarios


Os ingresos non financeiros, que son os ingresos da Comunidade sen as operacións financeiras (ventas de activos, reintegros de préstamos...), crecen no 2026 un 3,5%, ata **14.514 M€**.

EVOLUCIÓN DOS INGRESOS NON FINANCEIROS (en millóns de euros)

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública



Estes ingresos veñen de distintas fontes:




Ingresos Tributarios (8.958 M€)

Que impostos financian os orzamentos da Xunta?

DISTRIBUCIÓN DOS INGRESOS TRIBUTARIOS (en millóns de euros)

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública



Dentro destes impostos:


- Unha parte (**IRPF, IVA, Impostos Especiais**) a recada o Goberno Central, e a transfire á Comunidade Autónoma.
- Outra parte (Imposto de Transmisións Patrimoniais-Actos Xurídicos Documentados, Imposto do Patrimonio, Imposto de Sucesións e Doazóns) son tributos dos que a Xunta de Galicia ten **cedida** a súa xestión e recadación.
- Finalmente, isto se completa cun conxunto de impostos de carácter autonómico (impostos medioambientais), nos que Galicia foi pioneira no seu establecemento. Son pagados por empresas e industrias para paliar o impacto medioambiental das súas actividades: Imposto sobre a contaminación atmosférica, o canon eólico, o imposto ambiental mineiro, etc.

Como mostra o gráfico seguinte, entre 2010 e 2020 o peso dos ingresos por tributos sobre o PIB presenta unha estabilidade na contorna do 9%. Na pandemia esta porcentaxe sobe por mor do afundimento do PIB, Desde 2022 este peso está incrementándose ata roldar o 12%.



EVOLUCIÓN DA RECADACIÓN DE TRIBUTOS EN RELACIÓN AO PIB *(en millóns de euros)*

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública



Quen paga?

Tal e como establece a Constitución Española, o sistema tributario no seu conxunto debe ser progresivo de tal xeito que o que máis ten debe achegar máis recursos para financiar os servizos públicos. Isto non implica que todos os tributos sexan progresivos, senon que a globalidade do sistema o é. O imposto progresivo por excelencia é o IRPF.

Na liquidación de 2023, o 3% dos declarantes supuxeron o 29% da recadación autonómica total.

Na liquidación do IRPF de 2023, o 3% dos declarantes, que corresponde aos de maior renda, aportaron máis do 30% dos ingresos

LIQUIDACIÓN IRPF 2023

TRAMOS DE IRPF	NÚMERO DECLARANTES	%	COTA LÍQUIDA AUTONÓMICA	%
≤20.000	854.934	58%	295.561.792	9,9%
Ata 40.000	468.270	32%	1.152.356.663	38,7%
Ata 60.000	109.390	7%	631.056.523	21,2%
>60.000	47.721	3%	901.132.743	30,2%
TOTAL	1.480.315	-	2.980.107.720	-

Rebaixas Fiscais

Os impostos que pagan os galegos destínanse a atender ás súas necesidades a través dos orzamentos da Comunidade Autónoma, dándolle prioridade ao funcionamento dos servizos públicos, os investimentos produtivos e so cando é posible, a reducir a carga fiscal.

Aproveitamos a nosa autonomía fiscal para tomar as decisións máis favorables para as galegas e os galegos e sempre facendo compatible a rebaixa da presión fiscal co reforzo dos servizos públicos (sanidade, educación e políticas sociais).

Este modelo permite que Galicia sexa un territorio fiscalmente competitivo.

As rebaixas fiscais están especialmente dirixidas a un conxunto de **colectivos prioritarios**: as rendas medias e baixas, os menores de 36 anos, as familias numerosas e os colectivos vulnerables, un grupo ao que este ano engádense as familias monoparentales.



**AS REBAIXAS FISCAIS
AUTONÓMICAS
AFORRARON**


1.600 M€

DESDE O ANO 2020

Principais rebaixas fiscais aprobadas


IRPF

- 4 Rebaixas do tramo autonómico desde o ano 2014 para que, de media, un contribuínte galego pague case 500 € menos que no 2009.
- Equiparación das familias de 2 fillos ás familias numerosas, que lles permite deducirse 250 €/ano. A esta contía sumáanse 250 € máis por cada fillo a maiores.
- Axudas para fomentar a oferta de vivendas en aluguer:
 - Dedución do 15% dos gastos en obras de reparación, conservación e adecuación dun inmovble baleiro con destino ao arrendamento como vivenda.
 - Dedución de 500 € no primeiro ano que se arrende unha vivenda baleira.




IMPOSTO DE TRANSMISIÓN PATRIMONIAIS

- Rebaixa de 2 puntos do tipo xeral, ata o 8% para a adquisición dunha vivenda de segunda man.
- Tipos reducidos (desde o 7% ata o 0%) para adquisición de vivenda para colectivos prioritarios.
- Rebaixa ao 3% a compra de vehículos de segunda man.
- Aplicación tipos bonificados de TPO-AXD na adquisición de locais comerciais destinados a vivendas.
- Dedución do 100% nas adquisicións de solo para construción de VPP.
- Bonificación do 100% de AXD para as operacións das entidades públicas do proceso construtor das vivendas de promoción pública.
- Ampliación do ámbito obxectivo da bonificación do 75% na cota de AXD para as operacións referidas a edificios destinados a vivendas de alugueiro.



IMPOSTO DE SUCESIÓN E DOAZÓN

- Herdanzas de ata 1 M€ entre familiares directos libres de impostos.
- Elevación da redución por parentesco do Grupo III a 25.000 €.



Novas rebaixas fiscais no orzamento 2026

En cada orzamento analizamos as posibilidades que temos para complementar as rebaixas fiscais vixentes. Para 2026:

Consolidamos e aumentamos as medidas para favorecer o acceso á vivenda:

- Incrementando o **límite** do prezo da vivenda de 200.000 a **240.000 €** para beneficiarse dos tipos reducidos en ITP e AXD. A esta cantidade hai que engadirse 30.000€ por membro da unidade familiar.


O 96% das vendas de vivendas de 2ª man realizadas en 2024 foron por debaixo dos 240.000€

- Incluindo un **novo colectivo prioritario: as familias monoparentais**, que a partir do 2026 poderán beneficiarse dunha redución no Imposto de Transmisións Patrimoniais ata o 3%, que pode chegar a 0% nas zonas pouco poboadas.

Segundo datos estatísticos hai 114.506 familias monoparentais rexistradas en Galicia.

- Incentivamos o uso do **contrato vitalicio**: unha figura exclusiva do Dereito Civil Galego, rebaixando a súa tributación para aqueles que cedan un ben á persoa que os coide. Neste caso, as vantaxes fiscais son:

- Redución á metade (do 8% ao 4%) do tipo do Imposto de Transmisións Patrimoniais pola cesión do ben.





- Rebaixa de máis do 50% no Imposto de Doazóns ao assimilar a tributación como se fosen parentes cercanos.

- Eliminación da tributación da garantía de reintegro en Imposto de Actos Xurídicos Documentados.

Aliviamos a carga de gasto do colexio ás familias galegas:

- Dedución fiscal pola compra de libros e material escolar: Dedución do 15% na cota autonómica do IRPF deste ano ata 105 euros por fillo o filla escolarizado para rendas familiares de ata 30.000 euros per cápita.

E o facemos con carácter retroactivo para que os gastos deste curso xa se poidan deducir na declaración do IRPF de 2025 a vindeira primavera.

Aprobamos que non paguen impostos as axudas para aliviar algunhas enfermidades:

- **Eliminación da tributación da axudas aos enfermos de ELA:** dedución do 100% da cota autonómica do IRPF para que os ata 12.000 € anuais de axuda queden exentos de impostos.

- **Supresión da tributación da compensación** que o Goberno recoñeceu en 2023 aos afectados pola talidomida e que, polo seu deseño ineficiente, algúns teñen que achegar ata o 40% da axuda vía IRPF.

A Facenda galega renuncia a calquera ingreso por axudas aos afectados polos lumes forestais:

- **Eliminación dos impostos autonómicos aos afectados polos incendios.**

Fondos de Nivelación do SFA (3.421 M€)

Que é o sistema de Financiamento Autonómico

O actual sistema de financiamento autonómico (SFA), que é común para todas as comunidades de España (agás País Vasco e Navarra que teñen un modelo diferente recollido na Constitución Española), é a principal fonte de ingresos das autonomías.

O modelo actual está en vigor desde 2009 e en xaneiro de 2026 o Ministerio de Hacienda presentou unha proposta para a súa reforma, sen un debate previo coas CC.AA.

Como funciona o modelo actual?


Os ingresos que chega cada ano o SFA a Galicia proveñen principalmente dunha porcentaxe da recadación de certos impostos que pagan os galegos (50% do IRPF, 50% do IVE e 58% dos Impostos Especiais). O Goberno central recada estes impostos e logo os transfire ao Goberno autonómico a porcentaxe correspondente en dúas fases:

- **As entregas a conta**, que o Goberno central transfire esta cantidade no ano en curso e que representan o **98%** da estimación que fai o Ministerio de Hacienda da recadación para 2026.
- E a **liquidación definitiva** de dous anos antes (neste caso 2024), resultado de comparar as entregas a conta que se transferiron en 2024 e a recadación definitiva

dese exercicio. Pode ser positiva ou negativa en función do acertado das previsións.

Nun ano ordinario o SFA chega en torno ao 80% dos ingresos totais da Comunidade Autónoma de Galicia. Para 2026 a cifra prevista é de **11.583 M€**. Deste importe, 10.878 M€ son as entregas a conta e 789 M€ a liquidación do ano 2024. A diferenza, -85 M€, corresponde ao pago das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009*.


Para garantir que cada comunidade autónoma reciba un financiamento equivalente por habitante axustado, con independencia da súa capacidade de recadación tributaria existen uns **fondos de nivelación** que compensan a aquelas CC.AA. nas que a súa capacidade tributaria (ingresos) é menor ás súas necesidades de gasto.



O habitante axustado é a variable de reparto para garantir ese financiamento equivalente. Partindo da poboación real (a inscrita no padrón) introdúcese unha serie de factores demográficos e xeográficos (avellentamento, dispersión, superficie, insularidade...) que inflúen no custo de prestar os servizos públicos nunha determinada comunidade autónoma.

* Neses anos a estimación incorrecta dos recursos ocasionou que todas as Comunidades Autónomas tivesen que devolver cartos ao Goberno Central. No caso de Galicia, eses importes ascenderon a un total de 2.100M€. No 2014 o Goberno Central e as Comunidades Autónomas acordaron o adiamento destas cantidades en 240 mensualidades, ata 2031.

CENTROS DE SAÚDE POR CADA MILLÓN DE HABITANTES



Galicia, para poder prestar o servizo de atención primaria a súa poboación, necesita contar **case co triplo de centros de saúde** que o resto de CC.AA. de réxime común.

A **dispersión** e a **poboación avellentada** son dúas características de Galicia que fan que teña uns custos diferenciais na prestación de servizos públicos máis elevados que outras rexións ao non poder aproveitar economías de escala e ter maior intensidade de demanda de servizos.

Máis de 50% das entidades singulares de poboación do Estado concéntranse en Galicia, mentres que a súa superficie representa tan só o 5,8% do territorio estatal. Esta **dispersión**:


- Obriga a dispoñer dun maior número de infraestruturas e servizos de proximidade (centros de saúde de atención primaria, gardarías, escolas de educación primaria, centros de día, etc.).
- Esixe a prestación dos servizos en escalas inferiores aos limiares medios de eficiencia, o que incrementa os custos unitarios debido ao reducido tamaño das instalacións e da poboación atendida.

En Galicia o 43,2% dos **centros educativos** teñen menos de 100 alumnos, mentres que a media do resto das CCAA a ratio é de 32,5%

O 13% dos centros educativos de Galicia teñen menos de 40 alumnos.

Ademais, as nenas e nenos galegos utilizan o transporte escolar máis que o resto das CC.AA. O gasto de transporte escolar de Galicia representa o 18,4% do total.


CENTROS EDUCATIVOS CON MENOS DE 100 ALUMNOS



Outro sobrecusto que presenta Galicia na prestación dos servizos públicos da súa competencia, respecto ao resto de CCAA, é que a súa poboación esta moito máis **envellecida**.

De modo que mentres no resto de CCAA de réxime común a porcentaxe de persoas maiores de 65 anos sobre o total representa o 20,2% en Galicia a dita ratio é do 26,9%.

2025 - PESO DA POBOACION POR CADA ANO DE IDADE



Este maior envellecemento relativo da poboación provoca o seu evidente sobrecusto en todos aqueles servizos relacionados coa sanidade, dependencia...

Exemplos:

O gasto en farmacia os maiores de 65 anos supoñen un custe 6,2 veces superior ao xerado polos menores de 65 anos (o gasto dos maiores de 75 anos é 7,4 veces superior ao dos menores de 65).

O gasto en atención hospitalaria dos maiores de 65 anos é case do triplo (2,8 veces máis) do dos menores de 65 anos.

As consultas de atención primaria (de medicina e de enfermmería) en Galicia é de 9,6 consultas/persoa /ano mentres que no resto de CCAA de réxime común o número de consultas por persoa é de 7,9. Se Galicia tivese a mesma ratio de consultas e a mesma pirámide de poboación que o resto de CCAA o número de consultas diminuíría en 4,4 millóns, o 17,2% do total.

Galicia ante a reforma do Sistema de Financiamento Autonómico

A proposta do Ministerio cambia por completo o modelo do sistema de financiamento autonómico, pois pasa de ser un sistema de **reparto de asignación de recursos** entre as CC.AA. en función das súas **necesidades de gasto** a outro que pivota sobre a súa **capacidade tributaria**. No caso de Galicia, esta capacidade rolda o 90% da media das CC.AA., mentres que as súas necesidades de gasto sitúanse no 107% da media das CCAA, polo que este novo sistema resulta moi **insuficiente** para atender a súas necesidades.


O actual sistema de financiamento non cubre os custes diferenciais que ten que asumir Galicia debido á dispersión e o envellecemento, malia estar lixeiramente por riba da media de financiamento por habitante axustado. Pero

a proposta do Goberno Central en base á capacidade tributaria empeora esta precaria situación, xerando máis desigualdades entre as CC.AA.

Tal e como mostra este gráfico, esta proposta provoca desigualdades:

- Porque permite que aquelas CC.AA. que teñen unha maior capacidade tributaria poidan prestar uns mellores servicios públicos aos seus cidadáns.
- Porque Galicia estaría **por primeira vez** por debaixo da media de financiamento, pasando do 103% actual a un 97%, situándose nas últimas posicións.

COMPARATIVA FINANCIAMENTO POR HABITANTE AXUSTADO (MEDIA 100%)



Ademais, o seu deseño á hora de repartir os recursos, penaliza especialmente a Galicia:


- Porque rebaixa a ponderación da dispersión e o envellecemento na estimación de poboación axustada. Estas variables, explicadas anteriormente, fan que as necesidades de gasto de Galicia rolden o 107% da media das CC.AA.

- Porque introduce variables e fondos discrecionais que prexudican especialmente a Galicia.

Todo isto fai que a asignación final sexa insuficiente para a nosa CC.AA. Dos preto de 21.000 M€ que o Goberno pon enriba da mesa para as CC.AA. de réxime xeral, so asigna a Galicia 587 M€, un 2,8% mentres que a poboación axustada de Galicia representa o 6,5% do total.

A Xunta de Galicia non pode aceptar este modelo xa que supón un agravio para a nosa comunidade e non garante un financiamento suficiente para a prestación dos servizos públicos da nosa competencia.

DESProporción entre a porcentaxe de poboación e os novos recursos do sistema



* Poboación axustada según parámetros do sistema de financiamento autonómico

Fondos Europeos (945 M€)


Gran parte do desenvolvemento que experimentou Galicia nos últimos 40 anos vai ligado ao bo uso dos Fondos Europeos que recibiu a comunidade autónoma. Desde 1986 ata 2027 Galicia percibirá, en global máis de 32.000 M€ de axudas comunitarias, e preto do 50% destes fondos son xestionados pola Xunta de Galicia.

A finais do 2025 a Xunta de Galicia elaborou unha reprogramación dos fondos para dedicalos ao

financiamento das novas prioridades marcadas pola Comisión Europea.

No orzamento de 2026 comezarán a desenvolverse as actuacións aliñadas coas devanditas prioridades, entre as que destacan a accesibilidade á vivenda, resiliencia hídrica e as tecnoloxías estratéxicas, así como as accións de apoio a inversións destinadas á reconstrución en resposta aos incendios forestais deste verán.

DESGLOSE DOS FONDOS EUROPEOS NO ORZAMENTO



A Xunta de Galicia xestionará 1.500 M€ do actual marco financeiro plurianual da UE, que poderán executarse ata o 2029.

No pasado marco financeiro plurianual da UE a Xunta de Galicia executou a totalidade dos fondos asignados, 1.300 M€, executados entre 2014 e 2023.


Mecanismo de Recuperación e Resiliencia

2026 é o ano de finalización do MRR, instrumento que concede subvencións e préstamos en apoio das reformas e os investimentos nos Estados membros da UE, para lograr unha recuperación sustentable e resiliente, crear emprego e estimular o crecemento, á vez que se promoven as prioridades ecolóxicas e dixitais da UE.

Os recursos asignados á Xunta de Galicia polo Goberno Central ascenden a 1.751 M€, segundo os datos do Ministerio de Economía, Comercio e Empresa a 31 de decembro de 2025, o que representa o 6% dos fondos destinados ás CC.AA.

PROXECCIÓN EXECUCIÓN MRR 202-2026

Pagos realizados en M€



Os fitos e obxectivos establecidos no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia **deberán ser acadados antes do 31 de agosto de 2026.**

Os orzamentos de 2026 recollen 150 M€ deste mecanismo para financiar a finalización dos proxectos que a Xunta está desenvolvendo con cargo ao MRR. Con datos a 31 de decembro de 2025 a Xunta de Galicia acadou xa un importe comprometido destes fondos que ascende a 1.449 M€.

O destino á que se dedican estes fondos ven establecido polo Goberno Central, a través das conferencias sectoriais dos diferentes Ministerios polo que **a Xunta non ten capacidade de decisión sobre o emprego destas partidas.**

Novo marco post 2027

A Comisión Europea presentou este ano a súa proposta de Marco Financeiro Plurianual para o período 2028-2034, que introduce cambios importantes no seu enfoque e que actualmente se atopa en proceso de negociación co Parlamento Europeo e o Consello da UE.

Esta proposta tende á redución do número de fondos e programas e pola centralización de actuacións nun plan único por cada Estado membro, no que se concentran

recursos de ámbitos tan diversos como a cohesión, a agricultura, a pesca, o emprego e a vivenda.

A finalidade é **simplificar** os instrumentos e reforzar as prioridades, se ben córrese o risco de que as políticas da UE que resultaron esenciais para o desenvolvemento rexional, perdan a súa dimensión territorial, se dilúan as necesidades específicas dos territorios e o seu papel na definición das prioridades de gasto.

Galicia aposta por que as rexións sigan xogando un rol central á hora de deseñar e xestionar os fondos necesarios para abordar os retos de cada territorio para atender á diversidade territorial e responder con eficacia ás necesidades reais da cidadanía e que no se reduza a dotación aos fondos sectoriais do PAC e a pesca.



Fondos Finalistas da Administración Xeral do Estado (1.008 M€)

Son recursos incluídos nos Presupostos Generales del Estado (distintos do SFA) que se distribúen entre todas as CC.AA. en conferencia sectorial cun destino determinado polo Ministerio que os asigna.

Estas transferencias teñen como destino financiar actividades ou materias respecto das cales as Comunidades Autónomas teñen a competencia asumida,


polo que corresponde a estas a súa administración e xestión. As máis importantes corresponden ao financiamento da dependencia, das políticas de traballo e da sanidade.

O seu importe total no Orzamento para 2026 é de 1.008 M€, case un 11% mais que no 2025 e que se desglosan da seguinte maneira:

REPARTO FONDOS FINALISTAS DA AXE

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública


Políticas activas de formación e emprego	291 M€
Dependencia	280 M€
Asistencia sanitaria	171 M€
Servizos sociais	101 M€
Desenvolvemento rural e Política agraria común	45 M€
Fondo Compensación Interterritorial	39 M€
Vivenda	47 M€
Educación	16 M€
Resto fondos finalistas	18 M€



En relación co **financiamento da dependencia**, o compromiso do Goberno Central é asumir o 50% do seu custo. Se analizamos o gasto en dependencia desde o 2009, podemos ver que a aportación media do Estado rolda o 30%:

EVOLUCIÓN GASTO EN DEPENDENCIA 2009-2025

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública



ESTE DÉFICIT NO
FINANCIAMENTO SUPÓN

1.200 M€

MENOS EN 16 ANOS



04.

Os gastos

Prioridades de gasto no Orzamento 2026

Os orzamentos deste ano ten un especial compoñente social. Dedicamos case 10.600 M€ para reforzar os **servizos públicos fundamentais**:

- Aumentamos un 11% os recursos para cribados, consolidamos o calendario vacinal máis completo e ultimamos a rede hospitalaria máis moderna de España.
- Garantimos que todos os estudantes accedan a unha formación de calidade, sexa cal sexa a súa condición, para que o seu porvir só dependa do seu esforzo, coa gratuidade do ensino desde o comezo da escola infantil ata a finalización dos estudos superiores.
- Apoiamos ás persoas maiores e ás súas familias, cun pulo á Dependencia de case 100 M€ para o pago de servizos e prestacións; e incrementamos en preto de 1.000 as prazas públicas de atención residencial.

Os orzamentos de 2026 afondan na prioridade desta lexislatura, achegar solucións ao problema de acceso á **vivenda**, con medidas para dinamizar a promoción pública e privada, deducións fiscais e axudas para mobilizar o mercado de alugueiro. Temos o compromiso de duplicar o parque de promoción pública e pasar de 4.000 a 8.000 vivendas sociais. En ano e medio, 3.000 destes pisos xa están en marcha.

Consignan máis de **1.200 M€** para avanzar na **modernización e internacionalización do tecido** produtivo, para poñer a súa disposición ferramentas de financiamento e solo empresarial para a instalación de novos proxectos ou ampliación dos existentes e así contar con empresas máis competitivas. Afondamos na simplificación administrativa para axilizar o solo e aumentar as posibilidades de desenvolvemento.

A **innovación** é un dos piares no que se ten que asentar o crecemento sostible da Galicia do futuro. Dedicamos máis de **400 M€**, un 9% máis, para iniciativas no eido da I+D+i.



En 2026 queremos coidar **mellor do noso territorio**. Colaboramos na xestión e financiamento da limpeza de faixas secundarias cos concellos, duplicando os recursos para acometelas e cun Fondo de Garantía para que a Xunta faga estes labores de maneira subsidiaria. Tamén aumentamos os medios de prevención fronte aos lumes e adoptamos medidas paliativas para rexenerar o chan e a masa forestal queimada.

E reafirmamos o noso compromiso co financiamento das entidades locais. No 2026 aprobaremos a nova Lei de Administración local e dedicaremos **670 M€** ao financiamento dos concellos, 30 M€ máis que no 2025.

Seguimos avanzando nas rebaixas tributarias, con deducións no IRPF pola compra de libros e material escolar e novas medidas para incentivar o acceso á vivenda.



Quen gasta

A clasificación orgánica ten en conta cal é a Consellería que realiza os gastos.
A distribución orgánica do orzamento consolidado no 2025 é a seguinte:

CLASIFICACIÓN ORGÁNICA 2026	M€	PESO
Órganos superiores dependentes da Presidencia	154,9	1,1%
Presidencia, Xustiza e Deportes	584,8	4,1%
Medio Ambiente e Cambio Climático	167,7	1,2%
Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional	3.085,0	21,7%
Política Social e Igualdade	1.391,0	9,8%
Economía e Industria	357,6	2,5%
Facenda e Administración Pública	228,6	1,6%
Vivenda e Planificación de Infraestruturas	518,3	3,6%
Sanidade	5.671,1	39,8%
Cultura, Lingua e Xuventude	150,0	1,1%
Emprego, Comercio e Emigración	497,8	3,5%
Medio Rural	707,4	5,0%
Mar	225,7	1,6%
Total gastos non financeiros Consellerías	13.739,9	96,5%
Resto de seccións e órganos estatutarios	499,7	3,5%
Total gastos non financeiros	14.239,6	100 %

En que se gasta

A clasificación funcional categoriza o gasto público segundo os obxectivos ou finalidades ás que se destinan, poñendo o foco no propósito das actividades financiadas.



Sanidade (5.640 M€)

Os preto de 5.700 M€ destinados a Sanidade destínanse a financiar o funcionamento de:

- Os 14 Complexos Hospitalarios que ten Galicia.
- Os 460 Centros de Saúde.
- Os 46.283 profesionais que traballan no eido sanitario.

Preto do 95% do orzamento de Sanidade está destinado á **atención hospitalaria** (3.598 M€) e á **atención primaria** (1.747 M€)

No que respecta á atención primaria, está integrado por:

- O financiamento das receitas medicas, que desde 2019 incrementouse preto dun 26%.
- O financiamento dos centros de saúde e de atención primaria A Xunta de Galicia aumenta ano a ano o esforzo dedicado a isto.
- 48,2 M€ para contar cun dos calendarios de vacinación máis completos do mundo.

NO ANO 2024

67.215.384

RECEITAS FINANCIADAS


MÁIS DE

13.200 BEBÉS

VACINADOS CADA ANO
FRONTE AO VRS EN
LACTANTES

EXEMPLOS DE CUSTE

7.991,99 €



Mobilización dun helicóptero.

820 mobilizacións.

899.57 €



Mobilización dunha ambulancia de soporte vital avanzado.

20.504 saídas.

1.142,47 €/día



Estadía en UVI/UCI e unidades asimiladas.

9.359 ingresos cunha estadía media de 27,95 días.

5.280 €




Intervención de prótese de cadeira incluíndo o custo do implante e a estadía hospitalaria.

No 2025 implantáronse 5.457 próteses.



EVOLUCIÓN DO GASTO EXECUTADO EN ATENCIÓN PRIMARIA 2014-2025



PRINCIPAIS NOVIDADES 2026

- **+ 1.244 novos profesionais**
- **Avances no Plan de Infraestruturas Sanitarias:**
 - Entrada en funcionamento do Hospital Montecelo (Pontevedra).
 - Obras nos hospitais de A Coruña (43,8 M€), Ferrol (20,6 M€) Ourense (35,6 M€) e Santiago (41,3 M€).
 - Entrada en funcionamento de **3 novos** centros de saúde: Moaña, Abegondo e Conxo.
 - 24,4 M€ para avanzar na construción de 6 centros de saúde: Vilagarcía de Arousa, A Rúa, A Milagrosa (Lugo), Muíños, Boborás e Santa Lucía (A Coruña).
 - Licitación de 6 novos centros de saúde: Meis, Barro, Sanxenxo, Noia, Becerreá e Meira.
- **Entrada en funcionamento do centro de protonterapia** en Santiago de Compostela.
- **Inicio da fabricación de fármacos CAR-T.**

Educación (3.025 M€)

Galicia é a única comunidade autónoma onde é gratuíta toda a formación educativa, desde os 0 anos ata rematar os estudos universitarios.

A Consellería de Política Social e Igualdade é a encargada da xestión da gratuidade das escolas infantís de entre 0 a 3 anos, mentres que o resto das etapas lle corresponden á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Galicia conta:

- Con preto de 31.800 profesores, ademais dos mais de 5.000 profesionais dedicados á atención á diversidade.
- Con **292.547** alumnos e alumnas en **uns 1.100 centros educativos** nos que se imparte Educación Infantil, primaria, secundaria, bacharelato, Formación Profesional, Educación de Adultos e Educación Especial.
- Unha trintena de escolas oficiais de idiomas ou de arte e deseño, conservatorios de música, así como outras escolas de música e danza.
- 3 Universidades públicas Galegas.



Galicia rexistra unha ratio de 9,9 alumno-a/profesor-a, moi por debaixo da media estatal, que é do 11,3.

O traballo e investimento realizado nestes anos fai que o alumnado galego destaque nos informes PISA e que Galicia sexa unha das 4 CC.AA. que se sitúan ao nivel dos países con mellores puntuacións de todo o mundo.

O FP estase a consolidar como un itinerario cada vez máis demandado para entrar no mercado laboral. No 2025 acadamos un récord de matriculados: 71.000 Para seguir avanzando neste camiño, no 2026 destinamos máis de **18 M€**.

Desde 2021 levamos investidos **331 M€** no Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica co que xa se ten financiado case 3.000 obras nos centros educativos de toda Galicia.

Cabe destacar: **4 novos centros educativos** (Centro Gallego de Innovación de la Formación Profesional Eduardo Barreiros (Ourense), Colexio do Milladoiro (Ames), IES Domingo Villar de Navia (Vigo) e IES en Pereiro de Aguiar.

Asemade, **48 centros ampliados e rehabilitados** para dar resposta á necesidade de adaptar os centros ás novas necesidades. De entre os centros rehabilitados podemos destacar o IES Lucus Augusti (Lugo) e o IES Alfredo Brañas (Carballo); de entre os ampliados, o CIFP Fontecarmoa (Vilagarcía de Arousa) e o IES Manuel Chamoso (O Carballiño).



Novos centros educativos

- **A Coruña**
 - Colexio do Milladoiro (Ames)
- **Ourense**
 - Centro Gallego de Innovación de la Formación Profesional Eduardo Barreiros (Ourense)
 - IES en Pereiro de Aguiar
- **Pontevedra**
 - IES Domingo Villar de Navia (Vigo)




Centros rehabilitados

- **A Coruña**
 - IES Alfredo Brañas (Carballo)
- **Lugo**
 - IES Lucus Augusti



Centros ampliados

- **Ourense**
 - IES Manuel Chamoso (O Carballiño)
- **Pontevedra**
 - CIFP Fontecarmoa (Vilagarcía de Arousa)



Custe medio anual por alumno/a nos comedores escolares:

931 €

11.000.000 de menú cada curso

GASTO ANUAL POR ALUMNO/A NA EDUCACIÓN PÚBLICA NON UNIVERSITARIA

8.075 €

1.000 € MÁIS QUE A MEDIA DE ESPAÑA DE 6.979 €

Política Social (1.466 M€)

No 2025 impulsamos un plan de choque para axilizar o acceso aos recursos ás persoas dependentes, rebaixando os tempos de agarda. Suprimimos burocracia ao **unificar a tramitación de dependencia e discapacidade** nun único procedemento.

- Superamos as **93.000 persoas** atendidas en dependencia no 2025 tal e como se comprometeu e o obxectivo é chegar ás 100.000 persoas no 2026.
- Taxa de atención do 95,47%, das máis altas de España.


DEPENDENCIA E DISCAPACIDADE

- Máis de 16.000 prazas sostidas con fondos públicos de atención ás persoas maiores.
- 148 M€ SAF, un 6% máis que no 2025.
- 179 M€ Bono Coidado Fogar.
- 191 M€ para avanzar cara unha Galicia máis xusta, inclusiva e igualitaria.
- No 2026 crearanse máis dun cento prazas públicas de atención á discapacidade.
- Máis de 60 unidades de atención tempera a finais de 2026.



EVOLUCIÓN PERSOAS DEPENDENTES ATENDIDAS

Fonte: Consellería de Política Social e Igualdade



FAMILIAS

- Gratuidade escolas infantís 68 M€ para sufragar a gratuidade e beneficiar a 32.000 familias.
- 80 M€ para medidas de conciliación das familias galegas.

IGUALDADE

Creación de 4 centros de información á muller (CIM) móbiles que percorreren os concellos rurais, que non contén con un, e os campus universitarios.

INCLUSIÓN SOCIAL

- Preto de 41M€ para as axudas de Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA) que benefician a máis de 4.000 persoas.
- Galicia presenta unha mellora histórica dos seus indicadores de benestar: A taxa de pobreza presenta o rexistro máis baixo dende que existen estatísticas oficiais (18,8%) e contamos coa taxa de pobreza infantil máis baixa de España o que mostra a eficacia das políticas de protección dos fogares máis vulnerables.
- Preto de 37.000 persoas beneficiadas do complemento autonómico ás pensións non contributiva.

PRINCIPAIS INVESTIMENTOS EN POLÍTICA SOCIAL:

A Coruña

- Residencia pública (Ribeira)
3,6 M€

Ourense

- Residencia de Ourense
3,6 M€

Lugo

- Centro Integral de Saúde Mental (Lugo)
3,6 M€
- Residencia Aspanaes - (Friol) - Remate
4 M€

Centro pioneiro de autismo

Pontevedra

- Centro de Coidados Intermedios (Rebullón-Mos)
5,2 M€
- Residencia de Vigo
3,6 M€
- Inmueble Gota de Leite en Vigo - Reforma
2 M€



Sectores produtivos (1.237 M€)

INDUSTRIA

Para apoiar o desenvolvemento económico e a actividade industrial en Galicia, creouse a **Oficina Económica de Galicia**, que posibilita manter un único punto de contacto para todo o seu tecido empresarial.

- Máis de 32.000 consultas atendidas desde a súa apertura.

Os proxectos industriais precisan **solo e financiamento** para desenvolverse.

- 30,3 M€ para 26 actuacións en desenvolvemento noutros tantos parques empresariais que suman máis de 9.000.000 m².
- Novas medidas de abaratamento e flexibilización de condicións para o acceso as solo empresarial.
- Máis de 150 M€ para financiamento de proxectos empresariais.

582 M€ de axudas concedidas a sectores produtivos en 2025 a 194.000 beneficiarios

O sector de automoción galego conta cunha das cadeas de valor máis completas de Europa e inclúe tanto compañías que se dedican á fabricación de compoñentes como de vehículos finais. Por iso a Xunta de Galicia declarou o **sector da automoción** como sector estratéxico, cunha aposta de máis de 230 M€ para apoialo na transición requirida pola normativa europea.

Galicia ten as condicións idóneas para converterse nunha potencia no **sector da seguridade e da defensa**. Temos en marcha a primeira estratexia galega de Seguridade, Defensa e Aeroespazo, dotada con 183 M€³ para mobilizar 900 M€.

- 6ª C.A. en empregos no sector da seguridade e da defensa.

- 140 entidades e máis de 4.000 empregos.

O Sector agroalimentario, no que Galicia é un referente en España, contribúe á fixación de poboación e emprego na contorna rural.

- 3ª C.A. con máis selos de calidade de España: 36 selos de calidade diferenciada, aos que se suman os distintivos de Agricultura Ecolóxica e Artesanía Alimentaria.
- 34% do valor de produción do sector cárnico.
- 1ª C.A. en produción de leite, 40% do total nacional.
- Galicia acolle preto do 40% dos viticultores de España.

Máis de 40 M€ para a modernización e transformación da industria e a remuda xeracional.



O 60% dos produtos pesqueiros e acuícolas transformados en España teñen a súa orixe en Galicia; unha industria que chegou aos 2.800 M€ en exportacións no ano 2024, situando á comunidade como 15ª potencia mundial. Para manter esa posición e liderado, no ano 2026 dedicamos:

- **30 M€** para a creación de empresas de acuicultura.

- **17 M€** para as pemes da industria de transformación dos produtos do mar.

- **14 M€** para a comercialización e a promoción dos produtos da pesca e da acuicultura.

- **23 M€** para o programa de desenvolvemento sostible das zonas de pesca.

ENERXÍA

Traballamos en actuacións que permitan o aproveitamento sustentable dos recursos enerxéticos da comunidade para asegurar o impulso do binomio industria – enerxía, facilitando a consolidación e crecemento do sector industrial.

No 2025 a Xunta de Galicia, a través do INEGA concedeu **40,6 M€** a máis de 6.600 beneficiarios para apoialos na súa transición enerxética.

- Preto de 5.300 familias beneficiadas de apoios para a mellora da eficiencia enerxética dos seus fogares.
- Máis de 300 empresas apoiadas na súa descarbonización.

INTERNACIONALIZACIÓN

O crecemento das empresas vén da man da internacionalización, este ano cun investimento de 18,6 M€.

Galicia acada cada ano novos récords de exportacións. No 2024 superamos os **31.000 M€** e no 2025 mantemos esta tendencia a pesar das incertezas no eido internacional pola política arancelaria de Estados Unidos.





TURISMO

Este sector, que representa o **10%** do PIB e xera uns 130.000 postos de traballo, ten nos 8 Camiños de Santiago un dos seus referentes.

- 5,3 millóns de viaxeiros a setembro de 2025
- 2,3 M€ para a rehabilitación e posta en valor de bens patrimoniais de referencia, destacando actuacións na contorna da Torre de Hércules, o Parque do Pasatempo en Betanzos, a Fortaleza de Monterrei e a Illa de Ons, co fin de preservar a riqueza histórica e natural de Galicia.
- 6,5 M€ para accións de promoción turística enfocadas e iniciar os preparativos do Xacobeo 2027.

COMERCIO

Galicia é a **5ª C.A.** en número de establecementos polo miúdo, Conta con 32.000 comercios que xeran 107.000 postos de traballo e que supoñen un elemento dinamizador das vilas e cidades.

Temos en marcha o **Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030** que constitúe a folia de ruta a prol do comercio de proximidade e que é resultado da escoita activa e da colaboración cos principais axentes do sector.

- A finalidade é consolidalo como un sector competitivo, forte, moderno, sostible, atractivo e de calidade.
- 3 eixos de actuación que se vertebran en 16 medidas e se concreta en 74 accións para as que se destinarán **320 M€**.
- Seguiremos apoiando ao comercio local cunha das nosas medidas con maior éxito, a través dos **Bonos Activa Comercio**, que estarán dotados con **5 M€**.
- **4 M€** para a transformación dixital e modernización do sector.

EN 2025 RECIBIMOS

530.987
PEREGRINOS





GALICIA É UNHA DAS
3 CC.AA. SEN RISCO DE
DESERTIFICACIÓN

Medio Ambiente e Cambio climático (498 M€)

Queremos protexer máis e mellor o noso patrimonio natural para así mitigar os efectos do quecemento global.

MEDIO AMBIENTE

- 2026 é o primeiro ano no que se comece a percibir que Galicia autogoberna a súa costa.
- **152 M€** para Obras de saneamento e depuración e distintas actuacións para a xestión da auga
- 2 M€ para o inicio das obras do 1º Centro autonómico público animal de Curtis, unha infraestrutura pioneira en Galicia.
- 22,4 M€ para a posta en marcha da primeira planta pública de España de clasificación de residuos téxtiles en Sogama.
- 8,2 M€ para o impulso aos concellos para a mellora da recollida de residuos e avanzar cara á economía circular.

LOITA CONTRA O LUME

No eido da prevención (75,4 M€):

- 35 M€ para a xestión das faixas secundarias.
- **7.000 efectivos** na época de alto risco de incendios.

No eido da extinción (40,8 M€)

- 5 M€ para a renovación e mellora do parque de maquinaria e motobombas.
- 19,6 M€ para o mantemento e reforzo de medios aéreos, que contará con 3 unidades novas: dous avións de carga en terra e unha aeronave de coordinación).

A mobilización dun medio aéreo na extinción dun incendio forestal ten un custe de 4.000 €/h.

Emprego e Emigración (444 M€)

Apostamos pola formación para mellorar a empregabilidade dos galegos e galegas. Para iso destinamos máis de **60 M€** ao fomento e mellora do emprego e a formación de persoas desempregadas.

Un programa formativo de 12 meses ten un custo de 2.200€/persoa cunha inserción laboral do 40%

As **microcredenciais**, as que destinamos **5 M€** no 2026, son unha estratexia para mellorar os coñecementos, capacidades e competencias da poboación e reducir a fenda entre a súa formación e as necesidades do mercado.

- A través do **Programa arraigo para o emprego**, dentro do marco do Programa Galicia suma Talento, impulsamos a capacitación a través das **microcredenciais** para cubrir vacantes.
- 180 persoas beneficiadas no 2025.

Estratexia Mocidade Activa con accións encamiñadas a impulsar o emprego xuvenil, destacando:

- O programa **Galicia Emprega Moz@s** con **4 M€** para favorecer a contratación de persoas mozas (menores de 30 anos) desempregadas que teñen maiores dificultades de inserción laboral.
- O programa **Primeira experiencia profesional** para impulsar a contratación de menores de 30 anos cun orzamento de preto de **6,3 M€**.

1,2 M€ para axudas á contratación de mulleres en sectores masculinizados ou o **programa Galicia Emprega Muller**, que estará dotado con 2,5 M€.

CUSTE MEDIO DUNHA ACCIÓN FORMATIVA

3.798,24 €

PARA A OBTENCIÓN DUN CERTIFICADO PROFESIONAL



AUTÓNOMOS

Para 2026 destinaranse preto de **41 M€** para o colectivo de traballadoras e traballadores por conta propia co fin de seguir apoiando o inicio da súa actividade, a consolidación dos negocios e a conciliación, **a través dun paquete único de axudas** para reducir a burocracia e axilizar a tramitación das axudas.

EMIGRACIÓN

Se en Galicia o século XX foi o da emigración, o século XXI é o do **retorno**. A través de **Estratexia Galicia Retorna** 2023-2026, dotada con 450 M€ para favorecer a volta de 30.000 persoas neste período. Dentro dela está o **programa Retorna Cualifica Emprego** que leva propiciado que preto de 400 galegos do exterior fosen incorporados polo noso tecido produtivo, en liña coas necesidades das empresas.

Ademais está previsto o lanzamento dunha orde de axudas por valor de **1,5 M€**, para a rehabilitación de vivendas destinadas a traballadores beneficiarios de programas de captación de talento, tendo en conta que a vivenda é un factor clave para fixar persoas traballadoras cualificadas no noso territorio.

I+D+i (405 M€)

• A Galicia do futuro, innovadora e competitiva, debe basearse na economía do coñecemento. Por iso, a I+G+i, a I+D+i con selo galego é un ámbito de actuación prioritario para a Xunta e esta aposta tradúcese nun incremento no orzamento para estas actuacións ano tras ano.

• O 2026 será o segundo ano do **Plan Galego de Investigación e Innovación 2025-2027** no que se contempla un investimento superior aos 1.300 M€.

No 2026 dedicamos 405 M€, un 9% máis que no 2025.


• No 2026 remataremos CESGA que albergará os ordenadores cuánticos cos que conta Galicia para estar á vangarda de Europa neste eido.

• Este ano comezará o despregamento da **fábrica de IA en Galicia**, un fito que será vital para a mellora da competitividade dos sectores produtivos máis innovadores.

So dúas en España, cun investimento de 82 M€ financiado con fondos europeos.

EVOLUCIÓN DO GASTO EN I+D+i SOBRE O GASTO NON FINANCEIRO

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública



Infraestruturas e Mobilidade (367 M€)

INFRAESTRUTURAS

• A Axencia Galega de Infraestrutura é a encargada da planificación e execución das obras das distintas consellerías da Xunta.

• **Para mellorar a conectividade en Galicia:**

- 57 M€ para aumentar os Km de vías de altas prestacións e variantes.

527 Km de vías de altas prestacións, un 70% máis que no 2009.


- 71,6 M€ para conservar e mellorar a rede de estradas autonómicas.

MOBILIDADE

• A Xunta de Galicia xestiona **3.634** liñas de autobús interurbano, con 59.615 paradas.

• **Entre xaneiro e setembro de 2025:**

- Máis de 132.000 usuarios menores de 21 anos realizaron 4,9 M viaxes cun aforro de preto de 8,8 M€
- Preto de 133.000 usuarios maiores de 65 anos realizaron máis de 2,8 M viaxes, un 22% máis que no mesmo período do 2024, cun aforro de 4,4 M€.



A Xunta financia o 79% do custo do servizo de transporte aos cidadáns. O custe medio dunha viaxe é de 3,56 € dos que o cidadán so paga 0,72€.

47 M€ en total.

Vivenda (248 M€)

- Preto de 3.000 vivendas de nova construción en marcha.

Destinamos aos mozos ata 36 anos o 40% das novas vivendas destinadas ao aluguer e o 25% das destinadas á venda.

- **2 M€** para dar novos usos aos baixos comerciais e engadir máis vivenda ao parque público.
- **77 M€** na nova sociedade VIPUGAL para impulsar a construción de vivendas.
- **18 M€** para desenvolvemento de solo para a construción de 25.000 novas vivendas, das que 20.000 serán de promoción pública.
- **2,6 M€** para a mobilización de vivendas baleiras.
- **3 M€** para rehabilitación de vivendas no rural.
- A isto únese o impulso de medidas legislativas para **axilizar as tramitacións** e facilitar o desenvolvemento de solo por concellos e particulares e a incorporación ao mercado de novas vivendas.

MAPA DE VIVENDA PÚBLICA EN CONSTRUCCIÓN

Fonte: Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas



Entidades Locais (217 M€)

Reafirmamos o noso compromiso co financiamento das entidades locais. No 2026 reforzamos o **Fondo de Cooperación Local** con 20 M€, ata os **187 M€**.

A esta cantidade hai que engadirlle as convocatorias de axuda e os convenios das distintas Consellerías para o financiamento de distintas actuacións, como:

- APROL RURAL, para contratar coordinadores municipais de prevención de incendios.
- Limpeza de faixas.
- Compensación do canon de Sogama.
- Axudas para actuacións en redes de abastecemento...

No 2026 aprobaremos a nova **lei de administración local** que reforzará o autogoberno municipal baixo os principios de eficiencia, transparencia e equidade.


**NO ANO 2026
DEDICAREMOS**

670 M€

**ÁS ENTIDADES LOCAIS,
CASE 30 M€ MÁIS QUE
O ANO PASADO**

Xustiza (197 M€)

- Posta en marcha dos xulgados na Estrada.
- Aumento da cobertura da asistencia xurídica gratuíta, financiada en 2026 con 18,5 M€. Máis de 66.000 prestacións en 2025.
- 3.093 persoas empregadas na administración de Xustiza. Mais outros postos dependentes da Secretaría Xeral como son o persoal auxiliar de autopsias, educadores, psicólogos e traballadores sociais...
- 302 órganos xudiciais en funcionamento.



Cultura, Lingua, Deportes e Xuventude (195 M€)



CULTURA

- **44 M€** para planificación de infraestruturas culturais: Consorcio para a promoción de música na Coruña, Teatro Fraga en Vigo, proxecto *Illa de Creación* na Illa de San Simón.
- **6,5 M€** para axudas ao sector audiovisual.

A produción galega **SIRAT** premiada no Festival de Cannes e representante de España na categoría de Mellor Película Internacional nos Premios Óscar 2026.

LINGUA

- Normalización lingüística e a promoción do galego.
- Novo plan de normalización da lingua galega.

XUVENTUDE

- Nova edición do **Bono Emancípate** que na primeira edición recibiu 3.700 solicitudes para o financiamento dos gastos da emancipación.
- Nova **Plan Estratéxico Xuventude 2025-2027** que conta con máis de 130 medidas transversais cun orzamento de 700 M€.


DEPORTES

- 12 M€ para a **mellora de instalacións** xa existentes.
- **Apoio aos 1.712 deportistas galegos** de alto nivel.
- **Seguro gratuíto** para os nenos e nenas entre 6 e 16 anos para fomentar o deporte entre a rapazada.
- **Patrocinio** de máis de 240 equipos de alta competición.
- 2,9 M€ para avanzar no convenio **"Ferrol Cidade Deportiva"**.
- Licitación do **Centro de Alto Rendemento de Galicia** en Pontevedra, que será o **terceiro de España**.

Orzamento territorializado

A Galicia do futuro é unha Galicia cun territorio máis cohesionado e con maiores oportunidades, impulsando accións que contribúan ao reequilibrio territorial. Por iso, as provincias do interior contan cun maior gasto por habitante que as provincias costeiras:

DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DO ORZAMENTO 2026
€/habitante



PROVINCIAS	CAPÍTULOS 1 A 7 (Excluído capítulo 3)
A Coruña	5.507 M€
Lugo	1.867 M€
Ourense	1.733 M€
Pontevedra	4.083 M€

98,1%
Territorializado

05.

Saldo fiscal e endebedamento


Liquidación do orzamento

A Xunta de Galicia exerce o seu autogoberno de xeito responsable e garantindo a sostibilidade das finanzas públicas. Por iso, e aínda que tivo que recorrer ao déficit nos anos de maior escaseza de recursos pola crise financeira, as súas finanzas axústanse a os obxectivos fixados no Consello de Política Fiscal e Financeira.

Dende os anos da pandemia a mellora da situación financeira permite recuperar unha senda de equilibrio e mesmo rematar con superávit no ano 2024.

LIQUIDACIÓN DOS ORZAMENTOS

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública




Endebedamento

A débeda pública son os cartos que a Comunidade Autónoma pide a préstamo para cadrar as contas e facer novos investimentos.

No 2026 Galicia, por terceiro ano consecutivo, non vai a recorrer a nova débeda, evitando así que as futuras xeracións teñan que asumir o custo de infraestruturas adquiridas na actualidade, de maneira que os investimentos vanse financiar cos propios ingresos xerados pola Xunta no exercicio.

Así pois, as necesidades financeiras para este ano ascenden a **1.728,6 M€**, cantidade que coincide coas amortizacións de débeda que se realizarán neste exercicio.




A 30 de setembro de 2025 o 80% do total de débeda de Galicia era a tipo fijo e o 20% a tipo variable.

O custe medio da carteira de débeda viva sitúase no 1,76%, mentres que a do Goberno Central é do 2,31%.

AMORTIZACIÓN E NOVAS EMISIÓNES 2025 E 2026

Expresado en M€



Por que é importante controlar a débeda pública?

Porque un endebedamento excesivo:


- Reduce os fondos dispoñibles que se poden dedicar aos servizos públicos para destinalos ao pago de xuros.
- Limita a capacidade de resposta da administración para aplicar políticas de choque en momentos de emerxencia.
- Limita e fai máis caro o acceso ao financiamento para novas necesidades.
- Obriga a facer axustes de gasto para cumprir coas regras fiscais marcadas por Europa.
- Traslada a carga de financiar investimentos actuais a xeracións futuras.

A débeda pública galega

O Goberno galego mantén unha política de contención no recurso da débeda.

A débeda pública de Galicia tan só representa o 3,8% do total das Comunidades Autónomas, unha cota moi inferior ao seu peso poboacional (5,6%) ou no PIB nacional (5,2%).

O diferencial entre a débeda per cápita galega e a do conxunto de comunidades autónomas foise ampliando sistematicamente nos últimos 15 anos. Deste xeito, en 2025 a débeda per cápita de Galicia é 2.274 euros menor que a do conxunto de comunidades autónomas.



Este rigor orzamentario nos permite ser:

- A comunidade autónoma que menos incrementou porcentualmente a súa débeda desde o ano 2008, evitando na última década a emisión de máis de 4.500 M€ de débeda pública.
- A comunidade autónoma coas contas en equilibrio.
- Unha das CC.AA. cun tratamento fiscal máis favorable para as rendas medias e baixas.
- A cuarta comunidade autónoma que menos recursos ten que destinar ao pago de xuros, pese a suba dos tipos de xuros.
- Unha das CC.AA. que paga con máis axilidade aos seus provedores. O período medio de pago de Galicia en novembro de 2025 é de 20,6 días, 7 días menos que a media das CC.AA.

No 2025 pagáronse 4.672,3 M€ a 15.459 provedores.

Que é a ratio de débeda sobre o PIB

A ratio de débeda sobre o PIB é o indicador que de xeito oficial se toma como referencia para medir o endebedamento público e facer comparacións entre territorios de diferentes tamaños e diferentes niveis de riqueza.

A 30 de setembro de 2025 Galicia presentaba unha ratio de débeda 6,2 puntos inferior á media das Comunidades Autónomas.


De acordo coa normativa, as Comunidades autónomas deber ter unha ratio de débeda do 13%. A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal (AIReF) estima que **Galicia alcanzará este nivel de referencia en 2026**, mentres o conxunto das Comunidades o farán no 2041.

Recentemente, as axencias de calificación crediticia elevaron a calificación da débeda de Galicia ao mesmo nivel que a de España, máximo nivel que pode acadar unha C.A. o que ratifica que **Galicia non ten un problema de endebedamento**.



RATIO DÉBEDA/PIB PARA GALICIA E TOTAL DAS CC.AA. 2013-2025

Fonte: Banco de España



DÉBEDA PÚBLICA DE GALICIA. PESO SOBRE O PIB 2020-2028

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública



Mutualización da débeda das CC.AA.

A asunción da débeda autonómica ten a súa orixe nun acordo alcanzado entre o Goberno de España e a formación política Esquerra Republicana de Cataluña, para facilitar a investidura do presidente do Goberno, que contemplaba a condonación do 20% da débeda contraída por Cataluña a través do Fondo de Liquidez Autonómica.

O pasado mes de setembro o Consello de Ministros aprobou o "Anteproxecto de Lei Orgánica de Medidas Excepcionais de Sostibilidade Financeira" que contempla unha **asunción por parte do Goberno Central de 83.252 M€ de débeda autonómica**, dos que 4.010 M€ serían débeda da C.A. de Galicia.


O importe correspondente a Galicia representa o 4,8% do total de débeda que pretende asumir o Goberno, unha porcentaxe inferior ao peso da Comunidade por PIB (5,2%), por poboación (5,6%) o por poboación axustada (6,7%), que é o criterio común de reparto dos fondos do autonómicos.

Esta operación non supón a desaparición da débeda, simplemente o cambio de titularidade, xa que o Goberno Central asume a débeda das Comunidades Autónomas. Isto é, baixa a débeda autonómica e aumenta a débeda de Goberno Central. **O importe global da débeda de España continuará sendo o mesmo.**

Situación ANTES da Condonación	CONDONACIÓN	Situación DESPOIS da Condonación
Débeda Estado----- 1.211	+84	Débeda Estado-----1.295
Débeda CC.AA.----- 343	+84	Débeda CC.AA.----- 259
Débeda resto----- 131		Débeda resto----- 131
TOTAL DÉBEDA ESPAÑA ----- 1.691		TOTAL DÉBEDA ESPAÑA ----- 1.691

Con esta medida os galegos saen prexudicados, xa que ao ser Galicia unha comunidade cun nivel de débeda reducida, cada galego ve minorar a súa

alícuota na débeda autonómica en 1.477€, pero aumenta en 1.702€ a súa participación na débeda do Estado.



Por outra banda, a Administración Central, ao asumir esta débeda, asume tamén o pagamento dos seus xuros, máis de 700 millóns de euros anuais, que tería que detraer doutras políticas de gasto nos Presupostos Xerais do Estado de cada ano.

Porén, **as comunidades autónomas non van a ter unha maior capacidade de gasto**, xa que a lei estatal de estabilidade orzamentaria non permite destinar estes aforros a financiar políticas de gasto nas autonomías.

06.

PEG 2030

O Plan estratéxico diseña a Galicia do futuro, a concreta nunha serie de metas e establece os obxectivos para acadar esas metas.

Os orzamentos de cada ano recollen as liñas de actuación e proxectos que deben colaborar a acadar eses obxectivos, promovendo polo tanto unha xestión orientada a resultados.

O PEG 2030 é o terceiro plan estratéxico de Galicia e continúa a senda de fixación de metas estratéxicas iniciada no 2010. Para a súa elaboración a Xunta contou coas achegas da sociedade civil (Universidade, Axentes sociais, Asociacións e agrupacións da sociedade civil, Administracións...), e cun debate e aprobación no Parlamento de Galicia.

**NO 2026 REVISAREMOS
O PLAN ESTRATÉXICO
PARA AVALIAR O SEU
CUMPRIMENTO E
ESTABLECER MEDIDAS QUE
NOS PERMITAN ACADAR OS
OBJECTIVOS MARCADOS**




Metas do PEG 2030

01



Acadar a **converxencia con España** en termos de renda bruta dispoñible e superar o 90% do PIB *per cápita* da Unión Europea.

02



En emprego, **aumentar un 10%** a taxa de ocupación; rebaixar a **taxa de paro** ata o **8%**; reducir á metade o desemprego xuvenil e diminuír 6 puntos a temporalidade.

03



En saúde e a calidade de vida, aumentar de **18 a 23 os anos** de vida saudable ao chegar aos 65 anos.

04



No eido educativo, consolidar o sistema galego entre os mellores de España, reducindo noutros 5 puntos, **ata o 6,5%, a taxa de abandono escolar temperá**; e mellorar o rendemento do alumnado medido por PISA.

05



Reducir as emisións de efecto invernadoiro ata o **55%** respecto a 1990.

06



Aumentar o **peso das enerxías renovables** ata acadar o 58% no consumo total e que en 2030 o 85% da enerxía eléctrica proceda de fontes renovables.

07



Incrementar as **exportacións**, aumentando a base de empresas exportadoras, ata o 45% do PIB, 10 puntos máis que na actualidade; e **ampliar o tamaño medio** das empresas nun 15%.

08



Duplicar o **gasto en I+D+i** ata aproximalo ao 2% do PIB.

09



Diminuír a taxa de risco de **pobreza e exclusión social** ata o **14%**, para diminuír en **150.000** o número de persoas en situación de pobreza.

10



Eliminación das **fendas de xénero**, cunha equiparación das taxas de ocupación feminina e masculina.



O Orzamento en clave de PEG 2030

O PEG2030 consta de cinco eixes, que se concretan en 21 prioridades de actuación, que á súa vez se desenvolven en 70 obxectivos estratéxicos. A continuación, recóllese como se distribúen os orzamentos entre os distintos eixes:

Eixe 1

O RETO DEMOGRÁFICO (30.421)

Prioridades de actuación e dotación no Orzamento 2026

EMPREGO	BENESTAR	VIVENDA	SANIDADE
443	280	230	5.711

Eixe 2

GALICIA VERDE E SOSTIBLE (2.728)

Prioridades de actuación e dotación no Orzamento 2026

ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO	MOBILIDADE SUSTENTABLE	EMERXENCIAS E CAMBIO CLIMÁTICO	CRECEMENTO SOSTIBLE
97	71	301	121

Eixe 3

COMPETITIVIDADE E CRECEMENTO (8.788)

Prioridades de actuación e dotación no Orzamento 2026

INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN	TRANSFORMACIÓN DIXITAL	COMPETITIVIDADE DAS PEMS
284	167	280
INFRAESTRUCTURAS	SECTOR PRIMARIO	TURISMO
263	653	114



Eixe 4

COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL (19.978)

Prioridades de actuación e dotación no Orzamento 2026

EDUCACIÓN	INTEGRACIÓN SOCIAL	CULTURA E LINGUA GALEGA	COHESIÓN TERRITORIAL
2.973	1.177	127	72

Eixe 5

GOBERNANZA (3.782)

Prioridades de actuación e dotación no Orzamento 2026

BOA ADMINISTRACIÓN	FINANAZAS SUSTENTABLES	AUTOGOBERNO
358	279	237

07.

Documentación e datos do desempeño financeiro e fiscal

ORZAMENTO INICIAL

- Orde de elaboración do orzamentos

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240618/AnuncioG0597-170624-0002_es.html

- Páxina web do orzamento

<https://orzamentos.xunta.gal/>

EXECUCIÓN

- Execución trimestral dos orzamentos

<https://www.conselleriadefacenda.gal/areas-tematicas/economico-financeira-e-contable/execucion-trimestral-dos-orzamentos>

LIQUIDACIÓN

- Conta xeral

<https://www.conselleriadefacenda.gal/areas-tematicas/economico-financeira-e-contable/conta-xeral>

- Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto

<https://www.hacienda.gob.es/es-ES/CDI/Paginas/EstabilidadPresupuestaria/InformesCompletoLEP.aspx>



